


Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Persoal, oposicións**

***BASES PARA A COBERTURA DE 6 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, 5 POR OPOSICIÓN
LIBRE E 1 POR CONCURSO DE MÉRITOS PARA MOBILIDADE***

ANUNCIO DE PUBLICACIÓN DE BASES

Por Decreto da Alcaldía de data 09 de xullo de 2019, ditado no expediente nº. 2345/2019, aprobáronse as seguintes:

**BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE SEIS PRAZAS DE POLICÍA
LOCAL DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA), 5 POR OPOSICIÓN LIBRE
E 1 POR MOBILIDADE**

1ª.—OBJECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto destas bases é a cobertura en propiedade de SEIS (6) prazas vacantes na plantilla Concello do Porriño, da clase de POLICÍA LOCAL, grupo de clasificación profesional C, subgrupo C1, da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 16 de marzo de 2019, publicada no DOG nº 100 de 28-05-2019.

As citadas prazas están dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao devandito grupo e subgrupo de titulación e as complementarias consignadas no vixente orzamento municipal para ás mesmas.

2ª.—SISTEMAS DE ACCESO

Establécese o sistema de oposición libre para cubrir cinco (5) das citadas prazas, e o sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia para prover a praza restante (1) das seis que se convocan garantindo así a reserva prevista no artigo 35.4 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia.

A praza convocada pola quenda de mobilidade horizontal acumularase ás prazas convocadas pola quenda de oposición libre no suposto de non proverse por aquel procedemento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30W0XTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

3ª.—INCOMPATIBILIDADES

O persoal nomeado non poderá exercer ningunha outra actividade pública ou privada, e quedará afectado ao establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades de Persoal ao Servicio das Administracións públicas.

4ª.—PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, inseríndose anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Así mesmo publicarase anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 do RD 896/1991, de 7 de xuño, e artigo 32.3 da Lei 4/2007, de 20 de abril, a efectos do cómputo do prazo de presentación de solicitudes polos aspirantes que participen no proceso selectivo.

A resolución de aprobación provisional e definitiva de admitidos e excluídos, o nomeamento de tribunal, así como, a data de realización dos primeiros exercicios publicaranse no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na citada páxina web.

5ª.—REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**A) QUENDA DE OPOSICIÓN LIBRE**

De conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, artigo 50 Lei 2/2015, de 29 de abril e artigo 21 da Lei 4/2007, de 20 de abril, para participar no proceso selectivo de oposición libre será necesario reunir no día de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- d) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso á categoría de policía (grupo C, subgrupo C1), consonte a normativa de función pública e, en todo caso, de acordo ca lexislación vixente reguladora da coordinación de policía locais de Galicia (bacharelato, técnico superior de formación profesional ou as súas equivalencias en anteriores ou novos plans de estudos), que

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q3V3G0WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

se acreditará mediante a presentación de copia compulsada do título oficial, e, no seu defecto, copia compulsada do xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse copia compulsada da certificación do Ministerio de Educación Cultura e Deporte en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

e) Ser titular dos permisos de conducción das clases A2 e B. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos.

f) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de policía local, acreditado mediante declaración xurada.

i) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, acreditado mediante declaración xurada.

j) Presentar un certificado médico cuxa data de expedición non poderá exceder de 3 meses na data en que remate o prazo de presentación de instancias, en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico, nin a necesidade de presentar un novo certificado actualizado antes da realización das probas físicas no caso de que xa expirara a súa validez na data da realización das mesmas. A estes efectos considerárase que a validez do certificado será de tres meses dende a data de expedición salvo que este expresamente especifique outra cousa.

k) Presentación do xustificante de aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.

Todos estes requisitos deberán acreditálos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:05V30WUXTNCCHH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

B) QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL

Para poder tomar parte no proceso selectivo pola quenda de mobilidade horizontal, será necesario reunir no día de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Acreditar que ostentan, en propiedade como funcionario de carreira, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de 3 anos na devandita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida polo secretario/a do concello ou concellos nas que o/a aspirante prestara os seus servizos.

b) Faltarlle, como mínimo, 12 anos para o pase previsto á situación de segunda actividade.

c) Non ter sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

d) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.

e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de policía local, acreditado mediante declaración xurada.

f) Ter abonadas a cantidade establecida na base sétima (7ª) das presentes bases para tomar parte no proceso selectivo.

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

6ª.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen participar no proceso selectivo convocado deberán presentar unha solicitude dirixida á Alcaldía do Concello do Porriño, de acordo con cadanseu modelo do anexo II das presentes bases.

A solicitude conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo, núm. de teléfono, a denominación da praza convocada, **ESPECIFICANDO A QUENDA A QUE SE PRESENTA**, e unha declaración expresa de que reúne as condicións esixidas nas bases da convocatoria, achegando coa mesma a documentación seguinte:

PARA A QUENDA DE OPOSICIÓN:

— Fotocopia compulsada do DNI.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHXH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada dos permiso de conducción requiridos na base 5ª.
- Declaracións xuradas indicadas na base 5ª, apartados c), f), g), h), i).
- Certificado médico esixido na base 5ª.
- Xustificante de aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (celga 4 ou equivalente).

PARA A QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Declaracións xuradas indicadas na base 5ª, apartados c), d), e)
- Xustificante de aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.
- Certificación acreditativa de que ostentan, en propiedade e como funcionario de carreira, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e contar cunha antigüidade mínima de 3 anos na devandita categoría.
- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou fotocopia compulsada.

Para a xustificación dos méritos o/a aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla facilitasen antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar no devandito prazo a correspondente solicitude ou copia compulsada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso, non procederá a súa valoración senón fose achegada antes da data de celebración da sesión de valoración do concurso polo tribunal cualificador.

Unha vez aprobada a lista definitiva de aspirantes, o Concello solicitará á Academia Galega de Seguridade Pública un informe sobre se a algún destes lle foi revogado algún curso realizado ou homologado por dita academia, co fin de garantir que os certificados emitidos por esta estean vixentes.

O tribunal poderá solicitar que se complete ou aclare a documentación presentada para xustificar os méritos alegados, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados e sen xustificación nos termos establecidos nos dous parágrafos anteriores.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Porriño en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou en calquera das formas que establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: Q3V30WUXINCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

No caso de que non se presente directamente no rexistro xeral do Concello do Porriño o aspirante deberá dirixir por Fax ao número 986.33.58.50 unha copia selada da solicitude na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, no mesmo día da súa presentación, aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Aqueles aspirantes que se presenten a quenda de oposición e que acrediten, con carácter previo, o nivel Celga 4 de coñecemento da lingua galega, ou equivalente debidamente homologado, quedarán exentos da realización do exercicio correspondente ao coñecemento da lingua galega da oposición. Esta circunstancia deberán acreditarla documentalmente xunto coa solicitude de participación no correspondente proceso selectivo.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, prorrogándose ata o primeiro día hábil seguinte, se o prazo terminase en un día inhábil.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

7ª.—DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO

Será requisito indispensable para participar na convocatoria o aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.

Para isto, os aspirantes deberán ter ingresado na conta IBAN ES55 2080 5054 02 31 1001 7139 que o Concello do Porriño ten aberta en ABANCA Corporación Bancaria, S.A (sucursal do Porriño) a cantidade de 15,95 euros en concepto de participación no proceso selectivo segundo a vixente ordenanza fiscal deste Concello.

No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberá constar o nome e apelidos do aspirante, pago taxa prazas POLICÍA LOCAL do Concello Porriño.

En ningún caso a mera presentación do referido xustificante e o pagamento dos dereitos de participación no proceso selectivo suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

8ª.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez que rematado o prazo de presentación de solicitudes, e despois de comprobadas, a Alcaldía ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos i excluídos, coas causas que motivaron a exclusión de ser o caso, así como a designación do tribunal cualificador. Esta resolución publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: Q5V30WJXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos no BOPPO, para que poidan emendar erros ou defectos que motivara a súa exclusión e presentar nova documentación, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Transcorrido o prazo anterior, a Alcaldía ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos i excluídos ao proceso selectivo e se fixara o lugar, data e hora e de constitución do Tribunal e de avaliación de méritos do concurso por mobilidade horizontal e do comezo das probas da oposición. Esta resolución publicárase no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

9ª.—*TRIBUNAL*

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía, publicándose a súa composición consonte ao disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

O tribunal actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do Tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home, e os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para a participación no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 34 da Lei 4/2007 de Coordinación de policía locais e no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WJXTNCCHYH



Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

O tribunal está facultado e queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Aos membros do tribunal e os citados asesores que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

10ª.—OBRIGA DOS ASPIRANTES A CONCORRER ÁS PROBAS

Os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto recollido no parágrafo seguinte.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou posparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes en que concorra a dita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ó resto das probas.

En calquera caso, daráselle por superado o proceso selectivo a aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidera ser acadada, aínda ca obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

As mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días do puerperio, a súa coincidencia cas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse co tempo suficiente e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, o tribunal poderá determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

11ª.—DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

A data e hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora de constitución do Tribunal, de avaliación de méritos do concurso por mobilidade horizontal e do comezo das probas da oposición serán determinados pola alcaldía mediante resolución, xuntamente coa aprobación definitiva da lista de admitidos, que se publicará no BOPPO, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal, con 24 horas de antelación cando menos a tal realización, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na citada páxina web.

Nas probas selectivas garantirase a liberdade de elección de lingua galega e de lingua castelá.

Os aspirantes serán convocados para cada proba en chamamento único e perderán o seu dereito os que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificados con anterioridade á realización das probas, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera das probas obrigatorias no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar na mesma e nas sucesivas, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que haxan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica dos exercicios.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHVH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

Cando as probas non poidan ser realizadas de forma conxunta, a orde de actuación das/os opositores/as iniciárase alfabeticamente polo/a primeiro/a da letra "Q", de conformidade co establecido na Resolución de 24 de xaneiro de 2019 da Consellería de Facenda (DOG núm. 25 de 5 de febreiro de 2019) pola que se fai público o resultado do sorteo realizado a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ao tratarse dunha convocatoria correspondente á oferta de emprego público para o ano 2019.

En calquera momento o tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valera persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, a persoa aspirante será sancionada coa expulsión do exame e o abandono do proceso selectivo.

Desde a terminación dun exercicio ou proba e o comezo da/o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais. A publicación dos anuncios de celebración dos restantes exercicios será efectuada polo tribunal no local onde se celebrara o exercicio precedente, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na citada páxina web, cunha antelación mínima de doce horas, si se trata do mesmo exercicio, ou de vinte e catro horas, si se trata dun novo.

Concluído cada un dos exercicios da oposición o tribunal fará pública a relación de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na citada páxina web. Os opositores non incluídos na devandita relación terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados do proceso selectivo.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a autoridade que os nomeou, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q3V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

12ª.—PROBAS DA OPOSICIÓN E ORDE DE DESENVOLVEMENTO

1.—As probas da oposición, obrigatorias e eliminatorias, citadas polo orde en que deberán desenvolverse, son as seguintes:

A) Probas de avaliación dos coñecementos dos aspirantes sobre os contidos do temario anexo

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario anexo as presentes bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización e o tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N=(A-F/3)/10$$

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.

B) Coñecemento da lingua galega

Está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba que consideran máis adecuadas para tal comprobación. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Poren aqueles aspirantes que, consonte a base 6ª, acreditaran xunto coa solicitude para participar no proceso selectivo o nivel "celga 4" de coñecementos da lingua galega, daráselles por superada esta proba ca cualificación de apto.

C) Aptitude física, que incluírá a comprobación da estatura dos aspirantes

Irán dirixidas á comprobación das capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade dos aspirantes. Cualificaranse como apto/non apto.

C.1.—Comprobación da estatura

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:05V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

C.2.—Probos físicos

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas de velocidade, de resistencia xeral e de natación, e alcanzar ou superar os mínimos das probas de potencia do tren superior e de potencia do tren inferior que se sinalan a continuación. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar, que serán determinados polo tribunal e sinalados no anuncio en que se convoque aos aspirantes para as correspondentes probas. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor, sistema que será determinado polo tribunal cualificador.

C.2.1.—Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto determinado polo tribunal.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

- Homes: 7,40".
- Mulleres: 8,20".

*C.2.2.—Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.**C.2.2.1.—Flexión de brazos.*

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, determinado polo tribunal.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra cas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QSV30WUX7NCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

C.2.2.2.—Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes determinado polo tribunal.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

C.2.3.—Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal

Realizarase nun ximnasio ou campo de deportes determinado polo tribunal, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca de apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

- Homes: 210 cm.
- Mulleres: 185 cm.

C.2.4.—Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto determinado polo tribunal.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira:

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

- Homes: 3'30".
- Mulleres: 4'10".

C.2.5.—Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina determinada polo tribunal que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V3CWWXTCCHYH



Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas establecidas (en segundos) para a superación da proba son:

- Homes: 24".
- Mulleres: 28".

D) Probas psicotécnicas

Estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista a designar polo presidente do Tribunal.

Consistirán na aplicación dunha proba de intelixencia que medirá a capacidade intelectual e psicomotriz do aspirante; e tamén na aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade dos aspirantes.

A cualificación global será de apto/non apto.

D.1.—Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

D.2.—Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación as normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, ca finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, aparte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo;



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

E) Recoñecemento médico

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do aspirante, terase en conta o seguinte:

1.—Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2.—Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para os diagnósticos aquí establecidos teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantiranse cas probas complementarias para o diagnóstico.

13ª.—BAREMO DO CONCURSO DA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL.

O procedemento de concurso consiste na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificados, se é o caso, polos aspirantes, de acordo co baremo que se determina a continuación:

A.1. Titulacións académicas oficiais.

As titulacións que se baremarán serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharelato, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, agás que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

Para os efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse polo aspirante a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza esta e, se é o caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

A.2. Antigüidade como funcionario de carreira

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos e forzas de seguranza: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos, ou fracción superior a seis meses, prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

A.3. Formación e docencia

A.3.1. Formación profesional continua:

A.3.1.1. Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvoltas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
- Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.

A.3.1.2. Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:

- Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
- Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
- Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.



- Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
- Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 punto.
- Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración: os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguranza; os cursos repetidos, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións da epígrafe A.1 anterior, nin a superación de materias destes.

A.3.2. Docencia:

A.3.2.1. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguranza, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.

A.3.2.2. A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguranza, desenvolvidos nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos desta epígrafe A.3. deberán acreditarse dentro do prazo establecido nas presentes bases, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, se é o caso.

A.4. Distincións e recompensas oficiais

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,50 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

A.5. Idiomas.

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

a) Ciclos.

- Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 punto.
- Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.

b) Niveis.

- Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
- Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
- Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

A.6. Lingua galega.

- Celga 1: 0,25.
- Celga 2: 0,50.
- Celga 3: 0,75.
- Celga 4: 1,00.
- Curso de iniciación: 0,75.
- Curso de perfeccionamento: 1,00.
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

14ª.—CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida que, para o sistema de oposición, se corresponderá ca cualificación da proba de coñecementos referida ao temario.

Aos aspirantes con puntuacións máis altas, en número igual ao de prazas convocadas por este sistema, adxudicaráselles as prazas ofertadas.

Para a quenda de mobilidade horizontal a puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación. Ao/á aspirante con puntuación máis alta, en número igual ao de prazas convocadas por este sistema, adxudicáraselle a praza ofertada.

O tribunal propondrá a Alcaldía e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas. Terase en conta, para os efectos desta relación, o previsto no parágrafo segundo da base décima (10ª).

Puede verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

O tribunal elaborará, tamén por orden decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano competente, ao abeiro do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

Habida conta da infrarrepresentación do sexo feminino no corpo da policía local e en aplicación do artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17/02/2016), establécese que de existir empate entre dous o mais candidatos, serán admitidas as mulleres, salvo si considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existisen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

No caso da quenda libre, de persistir o empate, atenderase ao menor tempo na proba de resistencia xeral (carreira de 1.000 metros lisos) dos/as opositores/as afectados/as. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo, cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

Para o caso da quenda de mobilidade horizontal, no caso de persistir o empate atenderase ao criterio de maior puntuación no apartado de antigüidade do baremo de méritos. En último caso, se persiste o empate, este resolverase mediante sorteo, cuxa realización se anunciará, para a posible presenza dos aspirantes afectados, sinalando o lugar, día e hora da súa celebración, mediante anuncio publicado, cunha antelación mínima de 48 horas, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org.

O tribunal responsable da selección non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas.

15ª.—PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS/AS ASPIRANTES APROBADOS.

A relación de aprobados, publicada no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, conterà unha advertencia recordándolles aos opositores propostos que deberán presentar

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



dentro do prazo de 20 días naturais, contados dende a devandita publicación da relación de aprobados, copia simple dos documentos acreditativos que se sinalan a continuación:

- Fotocopia compulsada do documento no que conste o número de afiliación á Seguridade social (Cartilla da Seguridade Social, Tarxeta Sanitaria, Vida Laboral ou documento similar que acredite este extremo).

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado funcionario en prácticas nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos. Neste caso procederase de conformidade co establecido na base décimo cuarta (14ª).

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

16ª.—SOLICITUDE DE PRAZAS NO CURSO SELECTIVO

O concello convocante comunicará se demora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, e solicitará a reserva das prazas correspondentes.

17ª.—NOMEAMENTO' COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación, e o período de prácticas se é o caso, as persoas aprobadas que non procedan doutros corpos da Comunidade Autónoma de Galicia serán nomeadas funcionarias en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles correspondan segundo a súa situación e categoría.

18ª.—CURSO SELECTIVO E OBRIGA DA SÚA SUPERACIÓN

A superación do curso selectivo resulta obrigatoria para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Só estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública e os funcionarios que accedesen por mobilidade desde a mesma categoría desde outros corpos de policía local.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, agás por causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos acadados no proceso selectivo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WJXNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

19ª.—PERÍODO DE PRÁCTICAS PARA A CATEGORÍA DE POLICÍA

Para aqueles que ingresen por primeira vez na categoría de policía, o curso selectivo comprenderá tamén un período de prácticas que se desenvolverá no posto de traballo, e que conforma xunto co curso teórico un contínuum na formación e capacitación profesional.

Este período de prácticas terá unha duración de tres meses continuados e realizarase ao remate do curso teórico, agás que a incompatibilidade de datas aconselle repartilo en dúas etapas. En todo caso, será necesario ter realizado dous meses de curso teórico para poder executar a primeira etapa de prácticas.

Durante o período de prácticas o alumnado desenvolverá o seu traballo profesional do xeito que lles permita unha mellor realización práctica dos coñecementos do curso teórico, sempre baixo a supervisión do xefe do corpo de policía local, ou profesional cualificado en que este delegue. Neste período procurarase que o alumnado cumpra cos distintos labores encomendados aos corpos de policía local.

Neste período de prácticas, o alumnado non poderá gozar vacacións ou permisos, agás os que lles correspondan polas libranzas do servizo que estean desenvolvendo. Os días de vacacións que corresponden tanto ao curso teórico como ao período de prácticas, gozaranse ao remate de ámbolos dous, aínda no caso, de que este feito se producise no seguinte ano do comezo do curso.

Durante este período os aspirantes percibirán as retribucións que lle correspondan de acordo coa normativa vixente.

20ª.—AVALIACIÓN DO PERÍODO DE PRÁCTICAS E INFORME DO CONCELLO

Para obter a condición de funcionario de carreira na escala e categoría correspondente é obrigado superar o período de prácticas.

A Academia Galega de Seguridade Pública facilitará os instrumentos de valoración obxectiva do traballo e das actitudes e aptitudes amosadas polo alumnado no período de prácticas, que incluírán, como mínimo, os seguintes parámetros: actitude persoal, disciplina, relacións co cidadán, cantidade e calidade do traballo, compañeirismo, motivación e superación persoal. A dita academia exercerá unha titoría conxuntamente coas autoridades locais e a xefatura do corpo de policía local.

Ao remate do período de prácticas, valéndose dese instrumento ou cuestionario de avaliación obxectiva facilitado pola academia, o xefe de policía elaborará un informe individual por cada alumno, de tal maneira que reflecta se superou ou non o dito período. Este informe deberá presentarse xunto co escrito, ao que lle serve de base, asinado polo alcalde ou concelleiro en quen delegue, mediante o que o concello dá conta á academia do resultado da avaliación das prácticas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QSV30WUXTNCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

De conformidade co previsto no parágrafo 2 do artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, os/as aspirantes, en calquera momento anterior a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira, poderán ser sometidos/as ás probas médicas que sexan precisas para comprobar a súa idoneidade. No desenvolvemento a que se refire a disposición adicional, respecto ao cadro médico para a superación das probas da oposición, non poderá derivar ningún prexuízo por circunstancias médicas derivadas da situación de embarazo ou lactación da muller aspirante.

21ª.—INFORME DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Unha vez superado o curso selectivo de que se trate e o período de prácticas, a academia emitirá informe ao concello correspondente certificando tal circunstancia, de xeito que se poida proceder ao nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

22ª.—NOMEAMENTO DOS FUNCIONARIOS E TOMA DE POSESIÓN

Os nomeamentos dos/as funcionarios/as de carreira efectuaranse pola Alcaldía unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no Diario Oficial de Galicia sen prexuízo da notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento. No acto de toma de posesión o nomeado deberá prometer ou xurar o cargo con acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións segundo o establecido no artigo 60. d) da Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia e no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, de non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesante, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

No acto de toma de posesión farase constar a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de toma de posesión.

23ª.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/as aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: QSV30WUXTNCCHYE



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

24ª.—INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para a interpretación desta bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

25ª.—RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007; Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

26ª.—DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, con motivo so procedemento de acceso á condición de funcionario, poderán ser impugnadas polos interesados de acordo co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións Públicas, a Lexislación reguladora das bases do réxime local, así como na Lexislación reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común das administracións Públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



ANEXO I**TEMARIO ACCESO A CATEGORÍA DE POLICÍA.**

Tema 1.—O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

Tema 2.—Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

Tema 3.—Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a función e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

Tema 4.—Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

Tema 5.—A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno cas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

Tema 6.—O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

Tema 7.—Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

Tema 8.—Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

Tema 9.—O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

Tema 10.—O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

Tema 11.—O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

Tema 12.—O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

Tema 13.—O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

Tema 14.—Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 15.—A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

Tema 16.—Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

Tema 17.—Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da policía local.

Tema 18.—Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

Tema 19.—A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

Tema 20.—A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

Tema 21.—A Lei de Emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

Tema 22.—Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

Tema 23.—Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

Tema 24.—Delitos contra a Administración Pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

Tema 25.—Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

Tema 26.—Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.

Tema 27.—O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXINCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

Tema 28.—Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

Tema 29.—Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

Tema 30.—Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

Tema 31.—Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

Tema 32.—Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmovilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

Tema 33.—Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

Tema 34.—Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

Tema 35.—Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

Tema 36.—Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipo de traballo e atención á cidadanía.

Tema 37.—Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

Tema 38.—Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinadas ás vítimas.

Tema 39.—A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

Tema 40.—Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:05V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

ANEXO II

A) PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE CINCO (5) PRAZAS DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Don/dona _____ con NIF _____ e
domicilio en _____
teléfono _____ i email _____

EXPÓN: Que convocado procedemento selectivo para a cobertura en propiedade, polo sistema de oposición libre, de cinco (5) prazas vacantes na plantilla Concello do Porriño, da clase de POLICÍA LOCAL, grupo de clasificación profesional C, subgrupo C1, da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, cuxo anuncio da convocatoria publicouse no BOE nº _____ de data _____, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Ser admitido/a ao citado proceso selectivo, para o cal achega a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada dos permisos de conducir requiridos na base 5ª.
- Declaracións xuradas indicadas na base 5ª, apartados c), f), g), h), i).
- Certificado médico esixido na base 5ª.
- Xustificante de aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega (celga 4 ou equivalente).

_____ de _____ de 2019.

(Sinatura do/a solicitante)

Á Alcaldía do Concello do Porriño (Pontevedra).

B) PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO POLO SISTEMA DE CONCURSO PARA QUENDA DE MOBILIDADE HORIZONTAL DE UNHA (1) PRAZA DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DO PORRIÑO (PONTEVEDRA).

sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia

Don/dona _____ con NIF _____ e domicilio
en _____, teléfono _____ i
email _____

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

EXPÓN: Que convocado procedemento selectivo para a cobertura en propiedade, polo sistema de concurso de méritos para a quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, de unha (1) praza vacante na plantilla Concello do Porriño, da clase de POLICÍA LOCAL, grupo de clasificación profesional C, subgrupo C1, da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2019, cuxo anuncio da convocatoria publicouse no BOE nº , de data _____, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Ser admitido/a ao citado proceso selectivo, para o cal achega a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Declaracións xuradas indicadas na base 5ª, apartados c), d), e), f).
- Xustificante de aboamento da taxa por participar no proceso selectivo.
- Certificación, expedida polo secretario/a do concello ou concellos nos que o/a aspirante prestara os seus servizos, de que ostenta, en propiedade como funcionario de carreira, a categoría de policía noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, e conta cunha antigüidade mínima de 3 anos na devandita categoría.
- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen de entre os establecidos no correspondente baremo, a través de orixinal ou fotocopia compulsada.

..... de de 2019.

(Sinatura do/a solicitante)

Á Alcaldía do Concello do Porriño (Pontevedra).

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



Xoves, 18 de xullo de 2019

Núm. 137

consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

O Porriño, na data de sinatura electrónica.

A alcaldesa.

Eva García de la Torre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: Q5V30WUXTNCCHYH



